



Sindicato de
Traballadores da
Administración de
Xustiza

Sindicato independente específico
SOMOS DE XUSTIZA

Contacta con nós:

A Coruña (Paco) **609.292.438**
Ferrol (María) **658.615.515**
Santiago (María José) **673.618.911**
Pontevedra (Kike) **605.128.068**
Vigo (Julián) **647.401.860**
Lugo (José Luis) **649.778.142**
Ourense (Conchi) **655.805.810**
e-mail: stajgalicia@gmail.com

DIRECCION XERAL DE XUSTIZA
Rúa de Madrid, nº 2-4, 2º andar.
Polígono das Fontiñas.
SANTIAGO DE COMPOSTELA

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE LUGO
LUGO

Data 22/05/2017 10:50:26

ENTRADA 69809 / RX 1621620



JOSÉ LUIS BUJÁN MOSTEIRO, delegado sindical, en representación do Sindicato de Traballadores da Administración de Xustiza en Lugo (STAJ).

Reiteramos escrito presentado o día 22 de novembro do 2016 no seguinte sentido:

Dentro das función encomendadas pola Ley Orgánica do Poder Xudicial os integrantes do corpo de Auxilio Xudicial, atópanse a realizacións de notificacións, citacións, emprazamentos e requerimentos ós que son parte nos expedientes xudiciais que se tramitan nos Xulgados de toda Galicia, ademáis teñen que practicar embargos, lanzamentos, precinto de vehículos, remoción de depósitos de bens embargados, dar posesión de bens inmoables, etc.; en algunhas destas actuacións os auxilios xudiciais están acompañados por un membro do Corpo de Xestión.

Todas as función descritas realízanse fora da sede xudicial, sendo requeridos habitualmente, polos interesados, a mostrar a identificación que os acredite como membros do Corpo de Auxilio Xudicial ou Xestión, e como integrantes do Xulgado, ou Servizo Común de Notificacións e Embargos, donde se tramitan os asuntos dos que dimanan esas actuacións que deben levarse a cabo.

E certo que todos os integrantes destes Corpos, titulares e interinos, teñen a tarxeta que os identifica como persoal da Administración de Xustiza en Galicia, regulada na Orde de 12 de Setembro de 2011, pero cremos que esa tarxeta é máis adecuada para uso interno, sendo máis válida para identificacións en sede xudicial que para identificacións fora da sede dos xulgados. Ademáis contén datos que están protexidos pola Lei de Protección de Datos e que non deben mostrarse os interesados, como son o nome e apelidos e o número do D.N.I., creándose deste xeito una sensación de inseguridade que é necesario erradicar.

A propia Orde de 12 de Setembro de 2011, crea un medio alternativo para supostos excepcionais e por motivos de seguridade, na súa Disposición Adicional Segunda que dispón literalmente:

Credenciais para a xustificación da condición de funcionario de Xustiza en casos excepcionais.

1. O centro directivo competente en materia de xustiza, previo informe do Consello Xeral do Poder Xudicial e negociación cos representantes dos traballadores, regulará os supostos e forma en que, por razón de seguridade, o persoal ao servizo da Administración de xustiza poderá acreditar a súa condición, categoría e destino utilizando un medio alternativo á tarxeta regulada nesta orde.
2. Ese medio alternativo consistirá nunha credencial que se entregará exclusivamente para casos xustificados que, xunto coa imaxe corporativa institucional da Xunta de Galicia e da Administración de xustiza, terá o seguinte contido:
 - a) Fotografía do/da titular.
 - b) Código alfanumérico de identificación.
 - c) Corpo ao que pertence.
 - d) Unidade onde presta servizos.



Staj, Sindicato de Traballadores de la Administración de Justicia.
Único sindicato **Independiente** y **Específico** de la Administración de Justicia





Sindicato de
Traballadores da
Administración de
Xustiza

Sindicato independente específico
SOMOS DE XUSTIZA

Contacta con nós:

A Coruña (Paco) 609.292.433
Ferrol (María) 658.615.515
Santiago (María José) 673.618.911
Pontevedra (Kike) 605.128.068
Vigo (Julían) 647.401.860
Lugo (José Luis) 649.778.142
Ourense (Conchi) 655.805.810
e-mail: stajgalicia@gmail.com

Pensamos que a excepcionalidade de realizar as actuacións que describimos fora da sede xudicial e dabondo para que a todo o persoal de Auxilio e de Xestión, que por mor do seu destino ten encomendadas as funcións de notificacións, citacións, emprazamentos, requerimentos, embargos, lanzamentos, precindo de vehículos, remoción de depósitos de bens embargados, dar posesión de bens inmoables, etc., deba contar cunha credencial para a súa identificación fora da sede xudicial que non sexa a tarseta que leva impreso o nome e o número de DNI do titular.

Polo que solicitamos que se lles proporcione, a todos os componentes do Corpo de Auxilio e do Corpo de Xestión que saen a realizar actos procesais fora da sede xudicial, una credencial que non leve impreso o seu nome e apelidos nin o seu número de D.N.I. e que cumpla co disposto na Orde de 12 de setembro de 2011 para casos excepcionais.

Lugo, a 22 de xuño de 2017.



Sindicato de Traballadores de
la Administración de Justicia



Staj, Sindicato de Traballadores de la Administración de Justicia.
Único sindicato Independiente y Específico de la Administración de Justicia

